

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2023/G005/000008.

Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércores, día 1 de marzo de 2023, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA REORGANIZACIÓN DAS PARCELAS, EN PÍAS (2022/Y005/000011).
2. LICENZA URBANÍSTICA PARA A CONSTRUCCIÓN DE NAVE PARA ALMACÉN DE RECAMBIOS CON AULA TALLER NA AGRUPACIÓN DE 5 PARCELAS, NA RÚA DOS CANTEIROS, NÚMEROS 14-18, NO POLÍGONO INDUSTRIAL DO CEAO (2022/Y001/000034).
3. TOMA DE RAZÓN DA SENTENZA NÚMERO 250/2022, DO 23 DE DECEMBRO DE 2022, DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚMERO 2 DE LUGO, NO PROCEDIMENTO ORDINARIO NÚMERO 327/2021-P, EN RELACIÓN COA LICENZA URBANÍSTICA PARA INSTALACIÓN DE ESTACIÓN DE LAVADO NA AVDA. BENIGNO RIVERA (Exp. 2020/Y001/000322).
4. LICENZA URBANÍSTICA PARA AGREGACIÓN E SEGREGACIÓN DAS PARCELAS SITAS EN SANTA MARÍA ALTA (Exp. 2022/Y005/000005).
5. LICENZA URBANÍSTICA PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN EDIFICIO DE EQUIPAMENTO ESCOLAR- CEIP A PONTE NO PASEO ÁLVARO CUNQUEIRO, NÚMERO 29 (Exp. 2022/Y001/000087).

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac3362721008600135255.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 1-3-2023

6. LICENZA URBANÍSTICA PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR NA RÚA CAMIÑO REAL, NÚMERO 164 (Exp. 2022/Y001/000212).

XESTIÓN

7. EXPEDIENTE CONTRADITORIO DE RUÍNA TÉCNICA DO INMOBLE NÚMERO 46 DA RÚA SAN XILLAO. DECLARACIÓN DE RUÍNA TÉCNICA, R-181.

8. EXPEDIENTE CONTRADITORIO DE RUÍNA TÉCNICA DO INMOBLE NÚMERO 187 DA CALZADA DAS GÁNDARAS. DECLARACIÓN DE RUÍNA TÉCNICA, R-183.

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

9. CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COCIÑA, COMEDOR E LAVANDERÍA PARA A ESCOLA INFANTIL "GREGORIO SANZ" DO CONCELLO DE LUGO, EXP. REF. 2022-C003-000038. ADXUDICACIÓN.

10. CONTRATO MIXTO DE OBRAS, SUBMINISTRACIÓN E SERVIZO CONSISTENTE NA REALIZACIÓN DO "REFORMA E RENOVACION INTEGRAL DA ÁREA DE XOGOS INFANTÍS DA PRAZA DE CAMPO CASTELO". APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SUXEITO Á REGULACIÓN HARMONIZADA. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2023/C004/000002.

11. CONTRATACIÓN DUN SERVIZO PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DA PRAZA DA CONSTITUCIÓN DE LUGO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2023/C003/000012.

PERSOAL

12. PROPOSTA DE VALIDACIÓN DO NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIA DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA DESEMPEÑAR A PRAZA DE OFICIAL LECTORA DE CONTADORES (GRUPO DE TITULACIÓN: GRUPO C (SUBGRUPO C2); ESCALA: ADMINISTRACIÓN ESPECIAL; SUBESCALA: SERVIZOS ESPECIAIS, POR ACORDO 3/3 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 4-1-2023.

13. COBERTURA POR ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCÍONS DO POSTO DE DIRECTOR/A DE GARDERÍA MUNICIPAL.

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

CULTURA

14. PROPOSTA DE VALIDACIÓN DO GASTO (POR OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA) RELATIVO Á PRESENTACIÓN DA FACTURA POR PARTE DUNHA ASOCIACIÓN, DO 08.06.2022 A TRAVÉS DE FACE (CÓDIGO NÚM. 92955), FRA. NÚM. 08-22, DO 08.06.2022 POR IMPORTE DE 13.950,00 €, EN CONCEPTO DE: "II ENCONTRO DE ZANFONAS DE LUGO".

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac3362721008600135255.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 1-3-2023

por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,